

De orde do Excmo. Sr. Reitor teño a honra de convocar a V. S. á sesión ordinaria do Consello de Goberno que terá lugar o vindeiro día 14 de decembro de 2004, na Sala do Consello de Goberno do Reitorado, A Maestranza, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se procede da acta da sesión anterior, celebrada o día 20 de outubro de 2004.
3. Aprobación de convenios.
4. Convalidación de expedientes de gasto.
5. Aprobación de comisión de servizos.
6. Másters e postgrados.
7. Presentación do anteproxecto de orzamentos para o ano 2005.
8. Aprobación de prazas de profesorado.
9. Modificación do acordo relativo á prórroga dos contratos dos profesores axudantes doctores.
10. Modificación das prazas da RPT F171, F525 e L203.
11. Aprobación da normativa para a contratación de eméritos.
12. Modificación dos artigos 15.2, 16.2 e do Anexo II do regulamento electoral.
13. Convocatoria das eleccións de decanos e directores de centro e directores de departamento.
14. Resolución de recursos.
15. Rogos e preguntas.

A documentación completa relativa aos puntos 2, 3, 4, 13 e 14 está a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría Xeral da Universidade, atopándose unha copia na Secretaría Xeral Técnica do Campus de Ferrol. Achégase con esta convocatoria a relación de convenios, as comisións de servizos, fichas dos másters e postgrados, o anteproxecto de orzamentos, a relación de prazas de profesorado, a proposta de modificación do acordo relativo aos axudantes doctores, a proposta de normativa para a contratación de eméritos, a proposta de modificación do regulamento electoral e o calendario de eleccións, a modificación das prazas da RPT..

Os membros do Consello poden aparcar no patio interior do Reitorado durante o tempo que dure a sesión.

A Coruña, 7 de decembro de 2004
A SECRETARIA XERAL

Asdo. Patricia Faraldo Cabana

SRES./SRAS. MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO